



METEOROLOXÍA

A climatoloxía dos últimos meses de inverno e inicio de primavera caracterizouse por unha elevada pluviosidade, chegándose aos 800 mm de precipitacións durante os meses de decembro a marzo (Meteogalicia: Estación meteorolóxica de Lourizán) e as temperaturas medias foron algo máis baixas do habitual.

Previsións: nas próximas datas agárdase que durante a fin de semana Galicia permanezca baixo a influencia anticiclónica, polo que o tempo vai ser maioritariamente seco e despexado. As temperaturas diurnas serán altas, particularmente na xornada do sábado. A partir do luns as probabilidades de cambio aumentan e as temperaturas diminuirán, agardándose que o próximo mércores se produzan precipitacións febres nas Rías Baixas.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

B-E - xema inchada a follas extendidas.

Nas variedades máis tardías, como a Treixadura, maioritariamente en estado B. Respecto a outras campañas a brotación está a ser máis tardía do habitual, cun retraso fenolóxico aproximado de 10 días.

A homoxenidade e porcentaxe da brotación está a ser moi boa.



Coidados culturais

- Nestes días está a **rematar a poda e atado das videiras** aos arames das espaldeiras e emparrados nalgúns viñedos, realizándose todavía en moitas explotacións o atado tradicional co vimbio.

- Tamén hai que **retirar os restos de poda** nas parcelas nas que aínda non se realizou para posteriormente efectuar as labores de mantemento do solo. Nas parcelas nas que a madeira elimínase mediante desbroce é moi importante retirar da parcela os órganos afectados polas enfermidades da madeira e excoríose para súa posterior queima controlada.

- Nesta época aínda hai viñedos que non realizaron o **abonado de inverno**. Dose orientativa nun viñado en plena produción e de fertilidade media: 35-45 U.F. de nitróxeno, 25-35 U.F. de fósforo, 70-90 U.F. de potasa e 6-8 U.F. de magnesio. En todo caso, para o abonado en cada parcela recoméndase realizar un **análise de fertilidade polo menos cada tres anos**.

- Tamén é necesario a **reposición de marras** nos viñedos en que aínda non se realizou. As plantas deben adquirirse co correspondente Pasaporte Fitosanitario que acompaña os vexetais.

- Co aumento das temperaturas e a humidade existente no solo, prevese un forte crecemento



das herbas nos viñedos, polo que nos próximos días débense controlar co sistema de **mantemento do solo** elixido, no caso de non facelo aínda.

Sistemas de mantemento do solo: técnicas de laboreo, encespado ou aplicación de herbicidas, podéndose empregar máis dun destes de forma mixta na mesma parcela (caso típico de laboreo ou encespado entre liñas e aplicación de herbicida a liña de cultivo) ou diferente técnica en función da época do ano (caso típico de encespado total en inverno e laboreo ou herbicida no ciclo vexetativo).

En todo caso, **recoméndase aplicar de forma total ou parcial a cubierta vexetal controlada** mediante segas regulares, pois evita a erosión (moi importante en solos en pendente), enriquece o solo en materia orgánica, favorece unha boa permeabilidade do solo e non favorece o avance das enfermidades de solo no terreo.

No caso de aplicación de **herbicidas** hai que prever entre os de posible uso, o modo de acción sobre os diferentes tipos de herbas existentes nos viñedos, así como o seu modo de aplicación:

- **Herbicidas de preemerxencia.** Para aplicar en solos limpos de malas herbas. Na elección é preciso ter en conta a flora dominante na parcela, recomendándose empregarlos con alternancia para evitar resistencias e acumulación destes principios activos nos solos. Preparados de posible uso (nocivos- Xn ou irritantes-Xi) son FLAZASULFURON, ISOXABEN, NAPROPAMIDA, ORIZALINA e PENDIMETALINA.
- **Herbicidas de postemerxencia.** Son de uso máis recomendable que os anteriores, pois teñen menor efecto residual, permitindo un mellor afianzamento do solo que evite os procesos erosivos. Empréganse mediante tratamento vía foliar das herbas existentes. En viñedos xoves poden empregarse pero sin mollar as partes verdes nin a madeira de menos de 2 anos ou cortes de poda para que non se produzan fototoxicidades. Preparados de posible uso (nocivos-Xn ou irritantes Xi): AMITROL + TIOCIANATO AMÓNICO, CICLOXIDIM, GLIFOSATO, OXADIAZÓN e GLUFOSINATO AMÓNICO.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Excoriase (*Phomopsis viticola* Sacc)

Pódense encontrar agora síntomas desta enfermidade nun porcentaxe significativo dos viñedos. Trátase de manchas blanquecinas e punteaduras negras, que revelan a presenza dos picnidios do fungo na madeira de poda. Durante os últimos días, coas precipitacións producidas en brotación, as condicións para a xerminación das esporas e desenvolvemento da enfermidade nos novos agomos foron óptimas.

A presenza de este fungo nas últimas campañas va en aumento. Ademais dos danos directos que acarrea - merma da capacidade de elección de órganos de poda, brotación deficiente e problemas de desecacións do raspón dos acios ao longo da campaña -, tamén é vía de entrada doutras enfermidades da madeira na cepa, de difícil control.

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

O pasado 26 de marzo a Estación Fitopatolóxica do Arriero comunicou que **xa se produceu a maduración da oospora de Mildeu** en diferentes comarcas da provincia, polo que, en canto os brotes alcancen os 10 cm de desenvolvemento, haberá que vixiar o viñado para verificar o momento en que aparezan as primeiras contaminacións primarias. No momento en que se produzan comunicarase por este mesmo medio.



Caracois

Como ven sendo habitual, e sobre todo nas primaveiras húmedas como nesta campaña, obsérvase a presenza dos moluscos que tamén se alimentan dos brotes novos das cepas, causando danos especialmente nos viñedos xoves.



Recomendacións

Tratar os viñedos que neste momento estén en estado fenolóxico de xema punta verde - ata follas extendidas con fitosanitarios que exerzen control sobre a excoriose: FOLPET, MANCOCEB e METIRAM.

Este tratamento tamén pódese completar coa mestura no caldo fitosanitario de xofre naquelas parcelas nas que a campaña pasada tiveron problemas de acariose ou Araña roxa.

Viñedo con órganos de poda afectados por excoriose





[segue D. O. Rías Baixas](#)

En viñedos xoves, cando se observa a presenza de caracois, é importante eliminalos, ben sexa manualmente ou aplicando un helicida ao pe das cepas con climatoloxía estable e ao atardecer, xa que nestas plantas pode ocasionar importantes danos.

Recórdase que todas as aplicacións fitosanitarias a realizar durante a campaña deberán seguir os principios de control integrado, empregar equipos de aplicación en bo estado de funcionamento (verificalo ao inicio de cada campaña) e, en xeral seguir, a boa práctica fitosanitaria. Cada tratamento débese anotar no caderno de campo de explotación (parcela, data, principio activo e dose).